

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CARBALLIÑO PARA O PROXECTO DE MUSEALIZACIÓN DA FÁBRICA DE PAPEL DE A LABANDEIRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Carballiño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello do Carballiño para levar a cabo o proxecto de musealización da fábrica de papel de A Labandeira.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrència pública para a realización desta actuación. Trátase dun proxecto de musealización da fábrica de papel de A Labandeira, resultado dun amplo proxecto de investigación histórica e arquitectónica para dar a coñecer unha faceta importantísima desde o punto de vista histórico do proceso de industrialización decimonónica da Galicia interior, e concretamente da comarca do Carballiño. Esta proposta museolóxica permite coñecer a fondo



un momento caracterizado pola aparición dunha incipiente industria capitalista, así como os protagonistas humanos que forxaron esta realidade.

Por todo o anterior é o Concello do Carballiño o que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

